



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Informe:	Informe anual da actividade docente
Curso:	2021/2022
DNI/NIE:	38797905X
Nome:	Miquel Verges, Joan



Profesor/a: 38797905X - Miquel Verges, Joan

Curso: 2021/2022

APARTADO

DATO

I PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA

1.1 Contexto

1.1.1 Carga docente

Titulación: V01G230V01 - Grao en Tradución e Interpretación. Materia: V01G230109 - Herramientas para la traducción y la interpretación I: Informática. Nº Alumnado: 122. Nº Grupos: 5. Nº Horas: 221.

Titulación: V01M079V01 - Máster Universitario en Traducción Multimedia. Materia: V01M079101 - Nuevas Tecnologías y Traducción Multimedia. Nº Alumnado: 30. Nº Grupos: 2. Nº Horas: 48.

1.2 Planificación do ensino

1.2.1a A elaboración da guía docente realízase en prazo

1.2.1b A elaboración da guía docente segue ás directrices establecidas no centro/universidade

1.2.1c Boas prácticas na elaboración da guía docente

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: SI

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: SI

Aportación do/a docente: Denominación da boa práctica. Control da heteroxeneidade nos contidos das Guía Docentes e das súas discrepancias ao respecto do que figura nas memorias verificadas.. Materia/s asociada/s e titulacións correspondentes. Materia: Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-UVigo. Guía Docente: https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?ensenyament=V01G230V01&assignatura=V01G230V01109&idioma_assig=gal. Antecedentes (Contexto e necesidades de partida). Dado que, por lo que a mi respecta, descoñezo a existencia dunha Guía de boas prácticas na elaboración das guías docentes na UVigo, vou basearme nalgúns recomendacións dos Programas MONITOR e ACREDITA da ANECA a este respecto e dalgúns guías de boas prácticas nas guías docentes de outras universidades (como a Universidade de Navarra en https://www2.unavarra.es/gesadj/servicioEstudiantes/guias_doa/BBPP_GuiasDocentes_RCA.pdf). Obxectivos. Neste caso, o control da heteroxeneidade nos contidos das Guías Docentes e das súas discrepancias ao respecto do que figura nas memorias verificadas realizouse ao respecto da Guía Docente da materia asociada e da titulación detallas no apartado anterior correspondente. Algúns exemplos de boas prácticas a este respecto foron: 1) No caso do descritor da materia da Guía Docente optei por Incluir 4-5 palabras chave como máximo, incluída a referencia á área ou áreas de coñecemento nas que se pode enmarcar, tratando de evitar desenvolver cuestións que han de ser tratadas con posterioridade noutros apartados. Neste caso, mesmo optei por citar textualmente o texto que consta na Memoria oficial do Grao en Tradución e Interpretación da UVigo cun sic . 2) No caso da metodoloxía docente e das actividades formativas da Guía Docente asegureime que o total de horas apuntadas fose coherente co número de 6 créditos ECTS da materia (48 horas presenciais e 102 horas de traballo do estudante) e a súa modalidade de impartición. Para illo, deseñei a priori un calendario docente e un conxunto de actividades, acorde á devandita distribución que están dispoñibles para o alumnado no meu espazo web (nas páxinas web horario e material , respectivamente). 3) Ao respecto do sistema de avaliación , o feito que sexa a mesma Guía Docente (e, polo tanto, a mesma materia) para todas as combinación lingüísticas do Grao (inglés-español, inglés-galego, francés-español, francés-galego) podería atentar contra a homoxeneidade na avaliación no caso de diferenciar o sistema de avaliación por



combinacións lingüísticas. É por illo que na Guía Docente non se fai nunca unha mención explícita das linguas de traballo (excepto, obviamente, no apartado de linguas de impartición [da docencia] onde se fai constar o castelán e o galego . As encomendas van ser as mesmas para todas combinacións lingüística facilitándose os materiais en diferentes linguas. 4) No caso da bibliografía , separouse esta en Bibliografía básica e Bibliografía complementaria . Fíxose de maneira que a bibliografía básica (temos que exceptuar da análise volumétrico as 3 referencias á miña persoa, Miquel-Vergés , que son exclusivamente para o seguimento da docencia) non fose moita (1 libro e 3 artigos), para resultar de consulta áxil. A Bibliografía complementaria é un pouco máis extensa (9 libros), a efectos de profundización, elaboración de traballos, etc. En calquera caso, evitei en todo momento intercalar a Bibliografía no apartado do Temario. . Desenvolvemento da actividade/experiencia. O expresado a priori na Guía Docente antes de empezar a docencia da materia desenvolveuse de maneira práctica na docencia da materia. E, os resultados obtidos, poden avaliarse tanto a nivel das cualificacións obtidas polo alumnado (cuantitativamente) como na opinión do propio alumnado nos resultados das enquisas de avaliación docente (cualitativamente). . Resultados e Conclusións. Os resultados da aplicación desta boa práctica de control da heteroxeneidade nos contidos da Guía Docente da materia en cuestión e das súas (posibles) discrepancias ao respecto do que figura nas memorias verificadas poden verificarse, cuantitativamente, nas cualificacións do alumnado (ver a gráfica do curso 2021/2022 nas evidencias) e, cualitativamente, no Informe dos resultados [das enquisas] da avaliación docente do curso 2021/2022 onde, nos ítems que se relacionan coa Guía Docente, os resultados son plenamente satisfactorios (poden tamén consultarse todos os datos na evidencia anexa). É o caso, por exemplo, dos ítems: 1. ¿A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...)? Onde a puntuación da materia é de 4,60 puntos (fronte aos 4,18 das materias do curso, os 4,22 das materias da titulación, ou os 4,15 das materias da universidade). 6. ¿As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente? Onde a puntuación do profesor é de 4,83 puntos (fronte aos 4,71 da materia, os 4,12 do curso, os 4,16 da titulación, os 4,16 da área, os 4,21 do departamento ou os 4,10 da universidade). 9. ¿Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente? Onde a puntuación do profesor é de 4,85 puntos (fronte aos 4,72 da materia, os 4,26 do curso, os 4,30 da titulación, os 4,26 da área, os 4,30 do departamento ou os 4,23 da universidade). En todos os casos a puntuación obtida pola miña parte, como profesor da materia (sobre os 5,00 puntos máximos) nos ítems relacionados coa Guía Docente que aparecen nos resultados da avaliación docente é moi satisfactoria e sempre é superior a puntuación obtida na materia, no curso, na titulación, na área, no departamento, e na universidade.

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: SI

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: SI

Aportación do/a docente: Denominación da boa práctica . Adecuación dos contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación propostos da guía docente do curso actual en función dos resultados cuantitativos (cualificacións do alumnado) e cualitativos (resultados das enquisas de avaliación docente) obtidos nos cursos anteriores; e previsión para cursos posteriores. . Materia/s asociada/s e titulacións correspondentes. Materia: Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-UVigo.. Antecedentes (Contexto e necesidades de partida). A adecuación das guías docentes en función dos resultados obtidos en cursos anteriores

1.2.2a A guía docente adecúase ás directrices establecidas na memoria da titulación ou as súas modificacións

1.2.2b A guía docente aprobouse sen necesidade de realizar correccións

1.2.2c Boas prácticas na adecuación da guía docente



é unha práctica, a o meu entender, fundamental, cara a conseguir mellorar os resultados cuantitativos (cualificacións do alumnado) e cualitativos (resultados das enquisas de avaliación docente) obtidos nos cursos anteriores. Para illo, é necesario contar cunha gráfica comparativa das cualificacións obtidas no alumnado nos cursos anteriores (a ser posible tamén con algún tipo de indicadores significativos), dos informes dos resultados das enquisas de avaliación docente da materia en cuestión, e, obviamente das guías docentes da materia dos cursos anteriores. . Obxectivos. Unha vez analizados todos os datos dispoñibles de cursos anteriores relacionados cos aspectos cuantitativos e cualitativos da docencia (ensino/aprendizaxe) da materia procede detectar as fortalezas e as debilidades da mesma. E, a partir de aí, convén adecuar a guía docente da materia (en todas as súas facetas; como son os contidos, a planificación e metodoloxía docente, a atención personalizada, a avaliación, a bibliografía, etc.) para, sobre todo, emendar as debilidades. . Desenvolvemento da actividade/experiencia. No período de redacción e revisión das guías docente mediante o programa Docnet (xeralmente a principios do mes de xuño) procede implementar posibles boas prácticas na adecuación e mellora das guías docentes cara á mellora dos resultados cuantitativos (cualificacións do alumnado) e cualitativos (resultados das enquisas de avaliación docente) obtidos no curso anterior. Neste caso tratábase de adecuar a guía docente do curso 2020/2021 para o curso 2021/2022 en función dos resultados (cuantitativos e cualitativos) obtidos en cursos anteriores e de posibles cambios na organización docente (POD) da materia. Os cambios que se fixeron na guía do curso 2021/2022 ao respecto do curso anterior 2020/2021 foron mínimos, dados os excelentes resultados acadados tanto a nivel cuantitativo (cualificacións do alumnado) como cualitativo (resultados das avaliacións docentes), e foron motivados, basicamente, pola necesidade de axustar algúns dos parámetros da materia, como son os contidos e a planificación, ao feito na nova organización docente (POD) que incluía dous os/as docentes da materia no curso 2021/2022 (e non so un, como pasou no curso 2020/2021). . Resultados e Conclusións. Cuantitativamente, a tenor dos valores dos indicadores (representados pola letra I) de calidade propostos a priori nesta materia (como exemplo de boa práctica na realización e o seguimento das probas de avaliación : I1) Que o número de aprobados/as na 1ª convocatoria da materia sexa superior ao 85%; I2) Que o número de suspensos/as na 1ª convocatoria da materia sexa inferior ao 5%; I3) Que o número de non presentados/as na 1ª convocatoria da materia sexa inferior ao 10%; I4) Que a nota media na 1ª convocatoria da materia (do alumnado aprobado) sexa, como mínimo, de 8,0 puntos. Comparando os resultados obtidos nos cursos 2020/2021 e 2021/2022 (este último dato o temos dispoñible porque a Docencia 2021/2022 cumpríntase no ano 2023; ver evidencia anexa) observamos que todos os indicadores cumpren cos obxectivos previstos: mellorou substancialmente o indicador I1, que pasou do 88,3% ao 92,1%; empeorou (pero moi levemente) o indicador I2, que pasou do 0,4% ao 0,5%; mellorou substancialmente o indicador I3, que pasou do 7,5% ao 1,6%, e empeorou (pero moi levemente) o indicador I4 que pasou do 8,3 ao 8,0. No caso dos ítems 1, 6 e 9, relacionados coa guía docente, do resultado [das enquisas] da avaliación docente houbo unha diminución nos valores obtidos; pasando do 4,91% o 4,88% e o 4,86% ao 4,60%, o 4,83% e o 4,85%, respectivamente. Esta diminución é imperceptible nos ítems 6 e 9 e diminuíu nun 0,3% no ítem 1. Esta diferenza de -0,2% ou -0,3% é a mesma diferenza que aparece na maioría dos ítems da enquisa relacionados coa materia en cuestión nos apartados de profesor e materia , polo que poden atribuírse a posibles problemas co outro docente da materia (al ser o ítem 1 so atribuíble á materia e non ao profesorado da materia, penalizouse tamén con ese -0,2% ou -0,3%).

1.3 Satisfacción do alumnado coa planificación

1.3.1 Guía docente

4,8



1.3.2 Coordinación na materia e volume de traballo	4,77
1.3.3 Organización do ensino	4,71
1.3.4 Recursos didácticos	4,76

II DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

2.1 Desenvolvemento de actividades docentes

2.1.1a Existen queixas ou incumprimentos sobre o desenvolvementos das súas clases Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: NO

2.1.1b Boas prácticas no desenvolvemento das súas clases

Aportación do/a docente: Denominación da boa práctica . Mellora da calidade da docencia impartida a partir da análise do ensino e a aprendizaxe levados a cabo. . Materia/s asociada/s e titulacións correspondentes. Materia: Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-Uvigo. Antecedentes (Contexto e necesidades de partida). Máis aló da docencia propiamente dita, para mellorar curso a curso a calidade da miña docencia impartida (e, polo tanto, mellorar tamén os resultados obtidos na avaliación do alumnado da materia), establecín a boa práctica de investigar ao respecto e contrastar os resultados obtidos con outros/as colegas e investigadores/as en diferentes congresos internacionais de prestixio relacionados coa calidade da docencia; e, con posterioridade, publicas os resultados obtidos. É o caso dos congresos: CIDU: Congreso Internacional de Docencia Universitaria . CINDU: Congreso Internacional de Docencia Universitaria . FECIES: Foro Internacional sobre Evaluación de la Calidad de la Investigación y la Educación Superior . XIE: Jornada/Xornada de innovación educativa . CUICIID: Congreso Universitario Internacional sobre la Comunicación en la profesión y en la Universidad de hoy: Contenidos, Investigación, Innovación y Docencia .. Obxectivos. Os obxectivos desta boa práctica son, coma xa avancei no apartado anterior de Antecedentes : investigar ao respecto da calidade da docencia impartida (e de todo o relacionado coa devandita docencia: contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación, problemas, etc.) e contrastar os resultados obtidos con outros/as colegas e investigadores/as en diferentes congresos internacionais de prestixio relacionados coa calidade da docencia e publicar os resultados obtidos. E, a partir do feedback obtido neses congresos, tratar de mellorar a calidade da miña docencia. Neste caso relaciónase, maioritariamente, cos efectos da pandemia da Covid-19 na docencia universitaria. . Desenvolvemento da actividade/experiencia. Ao longo da miña vida profesional e docente participei nos congresos internacionais de docencia do CIDU 2013 (20-22/06/2013), FECIES 2013 (25-28/07/2013), XIE (16-17/12/2023), CINDU 2019 (20-22/06/2019), e, CUICIID 2022 (5-7/10/2022) 2021 (6-8/10/2021) 2020 (7-8/10/2020) 2015 (21-22/10/2015) 2014 (22-23/10/2014), onde tiven a oportunidade de presentar sendas comunicacións; e, como resultado, publiquei diversos artigos relacionados coa docencia universitaria. Os congresos e publicacións do período da Docencia 2021/2022 son: 1) Comunicación: La enseñanza-aprendizaje virtual en el ámbito universitario en tiempos de pandemia: aulas y clases virtuales, clases síncronas y asíncronas, grabaciones y protección de datos. Estudio de caso . Presentada no Congreso Universitario Internacional sobre la Comunicación en la profesión y en la universidad de hoy: Contenidos, Investigación, Innovación y Docencia (CUICIID 2021) . Vídeo da presentación no YouTube da CUICIID2021 <https://www.youtube.com/watch?v=xS6KXqjXxw0&pp=ygUfY3VpY2lpZCAyMDIxIGpvYW4gbWlxdWVsiHZlcmdlcw%3D%3D> Do 06/10/2021 ao 08/10/2021. En Libro de actas del Congreso CUICIID 2021, p. 549, ISBN: 9788409314645, Disponible en <https://cuiciid.net/wp-content/uploads/2023/01/Libro-de-actas-CUICIID-2021.pdf> 2) Capítulo de libro: La docencia universitaria en tiempos de pandemia. Estudio de caso . En Sánchez Santamaría, J., Tosina, L. J., Galván, M. J. (coord.) (2022) COVID-19: Imperativo



para el cambio, colección Ciencias de la Comunicación , pp. 277-291. Tirant Humanidades, ISBN: 9788418534546. Publicado el 08/2022 (https://www.culturaydeporte.gob.es/web/ISBN/tituloDetalle.do?sidTitul=2887824&action=busquedaInicial&noValidating=true&POS=0&MAX=50&TOTAL=0&layout=busquedaisbn&language=es&prev_layout=busquedaisbn). Resultados e Conclusións. Os resultados obtidos móstranse nas diferentes publicacións anexas (conxuntamente) a este mérito. Todos eles serviron para mellora a calidade da docencia impartida a partir da análise do ensino e a aprendizaxe levados a cabo.

2.1.2a Existen queixas ou incumprimentos sobre o desenvolvementos das actividades de apoio ao alumnado

2.1.2b Boas prácticas no desenvolvemento das súas actividades de apoio

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: NO

Aportación do/a docente: Denominación da boa práctica . Apoio á docencia mediante a creación de materiais didácticos audiovisuais ad hoc de apoio á docencia presencial. . Materia/s asociada/s e titulacións correspondentes. Materia: Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada (V01G230VEF931) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-Uvigo. Antecedentes (Contexto e necesidades de partida). Maila que a docencia no curso 2021/2022 foi presencial en todas as materias do grao GTI (tamén na materia especificada anteriormente), para facilitar o seguimento da docencia e prever posibles baixas do alumnado debidas á Covid-19, graváronse as clases presenciais. Os vídeos resultantes ofrecéronse como material de apoio á docencia presencial. E, para prever posibles novos episodios de pandemia, continuouse a formación docente en novas metodoloxías docentes (maioritariamente no sistema de aula invertida baseado, principalmente, na creación de podcasts e vídeos educativos e as metodoloxías didácticas para a docencia virtual). É o caso dos cursos de formación do Programa de formación permanente do profesorado da UVigo Curso práctico de aula invertida (35 horas) e Metodoloxías didácticas para a docencia virtual (15 horas). . Obxectivos. Facilitar o labor do docente na docencia da materia. Para illo, empregáronse as plataformas de teledocencia do Campus Remoto e MooVi da UVigo, e creáronse ad hoc para a materia novos materiais. . Desenvolvemento da actividade/experiencia. No caso da metodoloxía da aula invertida ou flipped learning analizouse no curso que é, a creación de podcasts, a creación de vídeos educativos, a avaliación inicial ou diagnóstica antes da aula invertida, a avaliación formativa e sumativa despois da clase da aula invertida, e, a motivación no modelo de aula invertida mediante o deseño dunha lección de aula invertida. No caso das metodoloxías didácticas para a docencia virtual analizouse as características da docencia en liña en contornas virtuais e híbridas; as estratexias para a mellora docente co uso de ferramentas e contornas dixitais; as estratexias e ferramentas para mellorar a participación, a atención e a motivación nas clases virtuais; as estratexias para mellorar as actividades didácticas de aprendizaxe individual e colaborativa mediante as posibilidades das contornas virtuais; as estratexias para mellorar a aprendizaxe activa en contornas en liña (gamificación, aulas invertidas, proxectos, casos, etc.); e, a avaliación nunha contorna en liña mediante estratexias e recursos de seguimento e avaliación do estudantado. A partir dos coñecementos e destrezas adquiridos nestes dous cursos creáronse materiais docentes diversos (podcasts e vídeos educativos) de apoio á docencia da materia. . Resultados e Conclusións. Os resultados acadados pódense consultar no MooVi da materia Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada (V01G230VEF931) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-UVigo do curso 2020/2021 (onde están dispoñibles todos os podcasts e vídeos educativos)

Valoración centro Facultade de Filoloxía e Tradución: NO

2.1.3a Existen queixas ou incumprimentos sobre a realización e revisión das probas de avaliación

2.1.3b Boas prácticas na realización e o seguimento das probas de

Aportación do/a docente: Denominación da boa práctica . Cumprimento das metas de calidade mínimas fixadas para o curso



avaliación

2021/2022 para a titulación extrapoladas á materia. Materia/s asociada/s e titulacións correspondentes. Materia: Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) do Grao en Tradución e Interpretación da FFT-UVigo. Antecedentes (Contexto e necesidades de partida). Informe de seguimento do título Grao en Tradución e Interpretación da FFT-UVigo do curso 2020/2021 dispoñible na URL http://sdfft.webs5.uvigo.es/images/docs/calidade/evidencias/R1_DE-03_P1_2020-21.pdf e metas de calidade establecidas a priori na titulación. É o último informe de seguimento dispoñible nestes momentos, a 15/05/2023. . Obxectivos. No curso 2020/2021 revisáronse as metas asociadas aos indicadores académicos propostos na Política e Obxectivos de Calidade da FFT. Fíxose unha análise dos tres últimos cursos (desde 2017/2018 ata 2019/2020) e comprobouse que algunhas das metas de calidade establecidas no documento anterior non se acadaban. O que se fixo foi actualizalas para o curso 2020/2021 atendendo a criterios máis realistas, sen perder a orientación cara á excelencia. Así, modificáronse as metas dos seguintes indicadores asociados aos obxectivos de calidade: - A Ocupación da titulación nos mestrados actualizouse de 100%-105% a 70%-80%. - A Taxa de abandono de <15 a 20% para cada titulación de grao que se imparte no centro. - A Taxa de graduación, que estaba nun 90% en todas as titulacións da FFT, actualizouse a 50% nos graos e a 65% nos mestrados. - O indicador de Resultados de investigación de carácter académico actualizouse de <70% a 60%. - A % de PAS en programa de formación actualizouse de >80% a 75%. Ademais, incluíronse no documento tres novos indicadores referidos ao grao de satisfacción do profesorado, das persoas tituladas (3,5 sobre 5) e do estudantado (3 sobre 5) coa planificación e desenvolvemento da ensinanza. Nesta materia propoñémonos, curso tras curso, como exemplo de boa práctica , os seguintes obxectivos ou indicadores (representados pola letra I) de calidade: I1) Que o número de aprobados/as na 1ª convocatoria da materia sexa superior ao 85%; I2) Que o número de suspensos/as na 1ª convocatoria da materia sexa inferior ao 5%; I3) Que o número de non presentados/as na 1ª convocatoria da materia sexa inferior ao 10%; I4) Que a nota media na 1ª convocatoria da materia (do alumnado aprobado) sexa, como mínimo, de 8,0 puntos. . Desenvolvemento da actividade/experiencia. Cada curso académico, unha vez rematada a avaliación da materia Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) , procédese ao cálculo de todos os indicadores detallados no apartado de obxectivos . Resultados e Conclusións. Na táboa dos resultados obtidos dende o curso 2009/2010 (que implementouse o grao) ata o curso 2021/2022 (que é o último curso con datos dispoñibles a día de hoxe, 15/05/2023), obsérvase que, con excepción dos cursos 2009/10 e 2010/11 (que foron cursos de adaptación ao novo Grao e ás novas metodoloxías docentes), en todos os demais cursos cúmprese cos 4 obxectivos ou indicadores marcados. En especial no curso 2021/2022 que é o a considerar nesta convocatoria de Docencia.

0 materia/s fora de prazo

2.1.4 Entrega de actas

4,88

4,73

2.2 Satisfacción do alumnado co desenvolvemento

2.2.1 Cumprimento do establecido na guía docente

2.2.2 Orientación e resolución de dúbidas

III RESULTADOS

3.1 Informes de taxas

3.1.1 Taxa de éxito

Materia: V01M079101 - Nuevas Tecnologías y Traducción Multimedia. T.Éxito Materia: 1. T.Éxito Curso: 0,98. T.Éxito Titulación: 0,98. T.Éxito Universidade: 0,85. Nº Horas: 48



3.1.1a Resultado da formula da taxa de éxito

3.1.2 Taxa de rendemento

3.1.2a Resultado da formula da taxa de rendemento

Materia: V01G230109 - Herramientas para la traducción y la interpretación I: Informática. T.Éxito Materia: 0,94. T.Éxito Curso: 0,79. T.Éxito Titulación: 0,89. T.Éxito Universidade: 0,85. Nº Horas: 221

Resultado fórmula T. Éxito: 7,5

Materia: V01M079101 - Nuevas Tecnologías y Traducción Multimedia. T.Rend. Materia: 1. T.Rend. Curso: 0,93. T.Rend. Titulación: 0,93. T.Rend. Universidade: 0,73. Nº Horas: 48

Materia: V01G230109 - Herramientas para la traducción y la interpretación I: Informática. T.Rend. Materia: 0,92. T.Rend. Curso: 0,72. T.Rend. Titulación: 0,79. T.Rend. Universidade: 0,73. Nº Horas: 221

Resultado fórmula T. Rendemento: 7,5

4,78

4,75

IV INNOVACIÓN E MELLORA

4.1 Formación

4.1.1 Cursos de formación docente

4.1.1.1 Asistencia a cursos formación permanente

Curso: Curso práctico de aula invertida. Número de horas: 35

Curso: Metodoloxías didácticas para a docencia virtual. Número de horas: 15

4.1.1.2 Asistencia a outros cursos

4.1.1.3 Impartición de cursos Uvigo

4.1.1.4 Impartición de outros cursos

Curso: Introducción ás ferramentas de tradución asistida por ordenador con memoQ . Número de horas: 30

4.1.2 Participación en congresos e en xornadas orientadas á formación docente

4.1.2.1 Comunicación oral

Comunicación oral: Benvida, inauguración, presentación e moderación das Xornadas (7 de xullo) . VIII Xornadas de Doutorandos/as en Comunicación (VIII Jornadas de Doctorandos/as en Comunicación). Programa de Doctorado en Comunicación da FFT-UVigo . Vídeos das xornadas do 7 de xullo dispoñibles na web da UVigo.tv <https://tv.uvigo.es/series/63034622a33c0662e25c7704>.

Comunicación oral: Enseñanza-aprendizaje virtual en el ámbito universitario en tiempos de pandemia: Estudio de caso de la Universidade de Vigo en España .. Congreso Universitario Internacional sobre la Comunicación en la profesión y en la universidad de hoy: Contenidos, Investigación, Innovación y Docencia (CUICIID 2021) . Vídeo da presentación no YouTube da CUICIID2021 <https://www.youtube.com/watch?v=xS6KXqJXxw0&pp=ygUfY3VpY2lpZCAyMDIxIGpvYW4gbWlxZWVzIHZlcmdlcw%3D%3D>

4.1.2.2 Comunicación escrita

Comunicación escrita: La enseñanza-aprendizaje virtual en el ámbito universitario en tiempos de pandemia: aulas y clases virtuales, clases síncronas y asíncronas, grabaciones y protección de datos. Estudio de caso .. Congreso Universitario Internacional sobre la Comunicación en la profesión y en la universidad de hoy: Contenidos, Investigación, Innovación y



Docencia (CUICID 2021) . En Libro de actas del Congreso CUICID 2021, p. 549, ISBN: 9788409314645, Disponible en <https://cuicid.net/wp-content/uploads/2023/01/Libro-de-actas-CUICID-2021.pdf>

4.1.2.3 Asistencia a congreso/xornada

4.1.3 Estadías docentes ou programas de mobilidade do PDI

4.2 Innovación

4.2.1 Participación en grupos ou proxectos de innovación

4.2.1.1 Dirección

4.2.1.2 Participación

Participación no Grupo ou Proxecto de Innovación: Avances en nuevos sistemas de extracción de respuestas con análisis semántico y aprendizaje profundo ; ENTIDADE FINANCIADORA: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad (Referencia: TIN2017-85160-C2-1-R, https://sede.micinn.gob.es/stfls/eSede/Ficheros/2017/Propuesta_Resolucion_Provisional_Proyectos_Retos_2017.pdf)

Participación no Grupo ou Proxecto de Innovación: Consolidación y Estructuración de unidades de investigación competitivas del Sistema Universitario de Galicia. Ayuda para grupos de referencia competitiva (GRC) (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190108/AnuncioG0534-201218-0001_gl.pdf). Referencia: <http://jmv.webs.uvigo.es/cv/docentia-Ref-04-0-0-2020-pro-inv-01>

4.2.2 Publicacións de innovación docente

4.2.2.1 Libro

4.2.2.2 Artigo

4.2.2.3 Capítulo

Título do Capítulo: La docencia universitaria en tiempos de pandemia. Estudio de caso .. En Sánchez Santamaría, J., Tosina, L. J., Galván, M. J. (coord.) (2022) COVID-19: Imperativo para el cambio, colección Ciencias de la Comunicación , pp. 277-291.. Tirant Humanidades, ISBN: 9788418534546.

4.2.2.4 Outras publicacións

Otras Publicacións: Título: Enseñanza-aprendizaje virtual en el ámbito universitario en tiempos de pandemia: Estudio de caso de la Universidade de Vigo en España . En Libro de Actas del Congreso CUICID 2021, área temática Docencia 6 , p. 549, ISBN: 9788409314645. Disponible en <https://cuicid.net/wp-content/uploads/2023/01/Libro-de-actas-CUICID-2021.pdf>

V OUTROS MÉRITOS

5.1 Outros méritos docentes

5.1.1 Tutorización do alumnado (teses, TFM, TFG, prácticas externas, PAT, mobilidade)

5.1.1.1 Teses

5.1.1.2 TFM (uvigo e externos)

5.1.1.3 TFG (uvigo e externos)

5.1.1.4 Outras tutorizacións

2 Tutorizacións de TFM

4 Tutorizacións de TFG

8 Tutorizacións de alumnado de prácticas

5.1.2 Participación en tribunais (teses, TFM e TFG)

5.1.2.1 Teses



5.1.2.2 TFM

2 Tribunais de TFM

5.1.2.3 TFG

4 Tribunais de TFG

5.1.3 Actividades de apoio á docencia (cursos cero, promoción de estudos, atención á diversidade, igualdade)

5.1.4 Outras coordinacións (materia, curso, módulo, titulación, prácticas externas, mobilidade, calidade)

Tipo de coordinación: 2 materias coordinadas

5.1.5 Elaboración de recursos didácticos e materiais docentes propios (libros ISBN, revistas ISSN, MOOC...)

5.1.5.1 Libro

5.1.5.2 Artigo

5.1.5.3 Capítulo

5.1.5.4 MOOC máis 20 horas

5.1.5.5 MOOC menos 20 horas

5.1.5.6 Outras publicacións

Publicación: Blog docente do curso 2021/2022. Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) [contrasinal: 95979597] <https://jmiquelv2021.blogspot.com> . Curso 2021/2022

Publicación: Espazo web docente do curso 2021/2022. Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) [usuario: material, contrasinal: 95979597] . http://jmv.webs.uvigo.es/material_2021-2022.htm . Twitter docente do curso 2021/2022. Ferramentas para a Tradución e Interpretación I: Informática (V01G230V01109) <http://twitter.com/jmiquelv2021>

Publicación: Vídeo-clases do curso 2021/2022 do Campus Remoto. Gravación das clases no Campus Remoto da UVigo. Maila que as clases do curso 2021/2022 foron presenciais, as clases da materia de INF1 foron tamén gravadas e postas a disposición do alumnado da materia de INF como material complementario de consulta. Para facilitar o acceso ás mesmas, as ligazóns inseríronse no Blog da materia <https://jmiquelv2021.blogspot.com> . Tendo en conta que son 54h de docencia repartidas en 2 clases de 2h cada semana, son unhas 27 vídeo-clases gravadas. Unha mostra son, por exemplo, as dúas clases da primeira semana de docencia do curso, que están no post (entrada) do blog <https://jmiquelv2021.blogspot.com/2020/09/semana-1-de-21092020-al-27092020.html> : PRIMEIRA CLASE: <https://tinyurl.com/dxu52tp> SEGUNDA CLASE: <https://tinyurl.com/amzb795> . Curso 2021/2022

Publicación: Canal de YouTube docente do curso 2021/2022. A pesar de que na convocatoria Docencia 2021/2022 indícase que os méritos deberán ser comprendidos entre o 01/09/2021 ata o 31/08/2022 todos os vídeos foron subidos no canal de YouTube o 9-10/08/21, ANTES da data de inicio da docencia (01/09/2021), por razóns obvias (para dar tempo a que o alumnado os consultase antes da primeira clase da materia). Hai unha lista de reprodución (https://www.youtube.com/playlist?list=PLzjgkKCJh_gfYQKrLEyw-i-X_2T5coQji) cos vídeos (5, en total) en galego e outra lista de reprodución (https://www.youtube.com/playlist?list=PLzjgkKCJh_gf5Da_Cv-NQWYxE8jKD9Bvp) cos



Informe Anual 2021/2022

vídeos (5, en total) en castelán/español. · Curso 2021/2022